



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



En relación ó seu escrito de data 2 de marzo de 2004, no que solicita a ampliación dos prazos de inscrición para concorrer ó Premio Extraordinario de Licenciatura en Odontoloxía, por non publicarse as datas de inscrición que debería realizarse conforme figura na *Convocatoria de Matrícula para o curso 2003-04*.

**Por todo o indicado resolvo:**

PRIMEIRO: Autorizar á Facultade de Medicina e Odontoloxía a abrir un novo prazo de matrícula para o Premio Extraordinario correspondente ó curso 2002-03 para os alumnos da licenciatura de Odontoloxía.

SEGUNDO: A solicitude de concorrencia deberá realizarse na Unidade de Xestión Académica entre o 22 e o 26 de marzo de 2004.

TERCEIRO: A presente resolución deberá ser publicada nos taboleiros da Facultade de Medicina e Odontoloxía.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2004

O Reitor

  


Senén Barro Ameneiro

SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO; SR. SECRETARIO XERAL; SR. DECANO DA FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA; SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE; SR. DIRECTOR DO COIE; SR. DIRECTOR DO SEIN; SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN E MELLORA NOS PROCEDIMENTOS